

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP FONTIÑAS

CURSO: 4º EP

MATERIA: INGLÉS

DEPARTAMENTO:

DATA: 12 Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Interactuar en situacións reais sinxelas de comunicación usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente.	Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (rutinas diarias, instrucións, peticións, etc.).
Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.	Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.	Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas e comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos ( <i>and/or/then</i> ).	Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha	Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).

pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.	
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.  Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
Identificar e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral .	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	Escrebe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Constrúe textos narrativos sinxelos reproducindo estruturas previamente traballados e sievíndose dun modelo.

	<p>.</p> <p>Escribe, basándose nun modelo, textos breves de carácter informativo sobre temas tratados oralmente en clase con preparación do vocabulario e expresiones básicas.</p>
	<p>Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Todas as actividades que se desenvolverán serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación de aprendizaxes anteriores. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. Valoraranse só positivamente as tarefas realizadas neste trimestre, nunca negativamente.</p> <p>Os procedementos que se utilizan son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Observación sistemática da resposta do alumnado e interacción entre profesorado e alumnado.</li><li>• Análise de tarefas escritas (traballos realizados en plataformas dixitais, documentos en pdf, fotografías, escaneados,); comunicación a través de correo electrónico.</li><li>• Valoracións dos traballos.</li></ul> <p>Recompilación dos materiais e tarefas realizadas polo alumnado</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Tareas usando:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Fichas interactivas con vocabulario e estruturas previamente traballadas.</li><li>○ Fichas de comprensión e expresión escrita de vocabulario e estruturas estudadas previamente.</li></ul></li></ul> <p>Uso de páxinas WEB, libro dixital, correo electrónico.</p> <p>40% corresponde á nota da 1ª avaliación 60% corresponde á nota da 2ª avaliación</p> <p>Valorarse positivamente o traballo na terceira avaliación ata un máximo dun 30%. Así mesmo, a realización destas tarefas poderá permitir a promoción ó seguinte curso a aquel alumnado que non superara as avaliacións anteriores.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	As actividades a propoñer son de repaso, recuperación, reforzo e ampliación, no ámbito de vocabulario específico, atendendo aos estándares de aprendizaxe recollidos na programación. Actividades a realizar en webs interactivas, e tarefas escritas.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O alumnado recibe semanalmente a proposta de traballo, que envía á profesora para a súa corrección. Ao alumnado sen conectividade proporcionánselle documentos escritos.</p> <p>Fomentarase o desenvolvemento da autonomía do alumnado a través dunha presentación sinxela dos contidos a traballar.</p> <p>Atendendo ó distinto ritmo de aprendizaxe do alumnado manterase una temporalización flexible adaptada a situación actual e ás súas necesidades.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Os materiais a utilizar son: libro dixital, libros de texto, páxinas web, correo electrónico, páxina web do centro, documentos PDF

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>As actividades son enviadas ás familias mediante correo electrónico ou a páxina web do Centro.</p> <p>O alumnado sen conectividade será informado telefonicamente ou empregando como canle de comunicación o departamento de orientación.</p> <p>Sempre que se requira información do alumnado por parte do mestre/a poderá facerse uso de: correo electrónico, chamadas de teléfono, etc..</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.